

Redacte un texto de opinión centrado na riqueza cultural, social, histórica e patrimonial que supón a diversidade de idiomas existentes na Península Ibérica. O texto deberá contar con: breve introdución, corpo de argumentación (dous argumentos como mínimo) e conclusión.

Criterios

—Breve introdución: constatación da realidade plurilingüe da Península Ibérica e indicación dos idiomas nela existentes.

—Corpo de argumentación: riqueza do plurilingüismo como vehículo de expresión cultural; necesaria preservación do legado histórico que os idiomas supoñen; valor patrimonial e inmaterial representado polas linguas propias; cumprimento das lexislacións estatais e autonómicas que referendan a convivencia e diversidade lingüísticas.

—Conclusión: síntese do argumentado e defensa da diversidade lingüística na Península Ibérica.

Empregar na redacción do texto terminoloxía sociolingüística especializada e axeitada aos argumentos sostidos.

Producir textos escritos respectando as propiedades textuais (adecuación, coherencia e cohesión), con corrección (ortográfica e gramatical) e servíndose dun léxico adecuado e preciso.